



**O CONCELLO DE NIGRÁN INICIA A LIMPEZA DAS PRAIAS DO MUNICIPIO  
PARA POÑELAS A PUNTO DE CARA A SEMANA SANTA**

**Obreiros municipais e Cespa comezaron a retirar os refugallos presentes  
nos areais como consecuencia dos temporais destes días**

**As actuacións comezaron hoxe co obxectivo de manter acondicionado o  
maior tempo posible o litoral ata as vacacións**

**Nigrán, 15/03/2016.-** O Concello de Nigrán e Cespa, a empresa de recollida de residuos sólidos e limpeza viaria do municipio, iniciaron hoxe a limpeza dos areais de Praia América, Panxón, Madorra e Patos ante a proximidade das vacacións de Semana Santa, que comezan o vindeiro 20 de marzo. Os operarios están a retirar os refugallos desbotados polo mar como consecuencia dos temporais que afectaron á localidade nas últimas semanas.

"Iniciamos hoxe a recollida de desperdicios porque ata o dagora sufrimos un longo período de mal tempo e non resulta conveniente actuar con estas condicións, xa que pode ser contraproducente para os areais", aclara o rexedor municipal, Juan González. O alcalde sinala, ademais, que estas datas son as máis adecuadas para o acondicionamento do litoral presupondo unha melloría das condicións metereolóxicas.

Esta intervención supón o comezo da limpeza periódica dos areais de Nigrán ata o verán, facendo efectivo o compromiso do goberno da localidade de manter as praias en perfecto estado de cara á tempada estival. "Veciños e turistas poderán camiñar á beira do mar durante estes días de descanso e desfrutar da paisaxe mariña sen toparse cos materiais acumulados debido ás borrascas", conclúe.